

SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO CONCELEIRO DE CULTURA SOBRE O CONTROL OBRAS DE AMPLIACIÓN DA AUTOESTRADA NA FORTALEZA DE RANDE

PLENO 25 FEBREIRO 2016. ACTA 2016-0003

Por AER solicitouse a comparecencia do concelleiro de Cultura nos seguintes termos:

“Xusto o derradeiro día de 2015, e con grande sorpresa, atopámonos na prensa coas primeiras declaracións do novo concelleiro de cultura dende que está no seu cargo sobre o “castelo de Rande”.

A prensa fíxose eco dunha iniciativa quepartía da concellería de Cultura para impedirlle ao Ministerio de Fomento e concesionaria as actuacións previstas sobre os restos arqueolóxicos da fortaleza de Rande.

A Agrupación de Electores solicita a comparecencia do concelleiro de Cultura para dar conta dos seguintes aspectos:

- Informes e expertos consultados pola concellería en relación ao perigo que supoñen as obras de ampliación da AP-9 sobre os restos da fortaleza de Rande.
- Ferramentas xurídicas que vai empregar a concellería para impedir as actuacións de Audasa.
- Documento escrito da declaración BIC do Castelo de Rande e a súa contorna.
- Reunións, xuntanzas e/ou escritos con outras administracións con competencias en patrimonio arqueolóxico nas que falaran das medidas que van tomar para protexer o castelo de Rande.”

O concelleiro ALONSO GONZÁLEZ di que o castelo de Rande xa é BIC por disposición legal aínda que a contorna requiriría unha declaración como sitio histórico ou similar. Indica que a preocupación actual é que a fortaleza non experimente danos por mor das obras, como así foi ao facerse a Ponte de Rande. Se fixeron os correspondentes requerimentos a Audasa e indica que lle chegou unha documentación de Fomento o día 22 deste mes na que se da conta das actuacións previas realizadas consistentes en prospeccións arqueolóxicas que se incorporaron ao proxecto constructivo e tamén un levantamento topográfico e unha serie de actuacións tendentes a protexer a fortaleza. Todo iso en coordinación con Patrimonio. Comentou a documentación cun arqueólogo reputado da zona que pertence á asociación máis afectada. Indica que o proxecto aprobouse inicialmente no ano 2010 e ese foi o momento e que se puido facer alegacións ao mesmo. Sinala que o problema fundamental foi a construción inicial e agora o seu criterio é que non se toquen os elementos existentes e despois continuar coa tramitación de interese cultural ou sitio histórico.

O concelleiro VARELA COUÑAGO pide que se lles facilite copia da documentación respostándolle o concelleiro que “sen problema”.

